

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL PARA A PROVISIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO DE SEIS POSTOS DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE VIXIANCIA E ASISTENCIA NAS PRAIAS AO ABEIRO DOS DENOMINADOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN**

En Bergondo, catro de xuño de dous mil dezanove, ás doce e media horas, reúnense na Casa Consistorial do Concello de Bergondo, coa presidencia de D. Agustín Rodríguez Saavedra, os/as señores/as integrantes do tribunal cualificador que se constitúe para valorar os méritos dos aspirantes ós seis postos de socorristas segundo as bases reguladoras desta convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data dezaseis de maio de dous mil dezanove e nº 654/2019.

Está constituído o referido Tribunal na seguinte forma:

**PRESIDENTE:** O Xefe da Policía Local: Agustín Rodríguez Saavedra

**SECRETARIA:** A administrativa: María Rosa Calviño Calvete.

**VOGAIS:**

A auxiliar administrativa: Sandra María Anido Freire.

A Policía Local: Yolanda Fandiño García.

A traballadora Social: María Amparo Iglesias Puente.

O Tribunal ten á súa disposición o expediente completo con todos os antecedentes necesarios e no que constan, entre outros, a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as neste proceso selectivo, aprobada por Decreto de Alcaldía núm. 701/2017 do día 4 de xuño.

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal e, aberto o acto, procédese á realización da fase de concurso valorándose os méritos na forma prevista na base terceira das específicas da convocatoria reguladora destes postos de traballo.

De acordo coas bases reguladoras deste concurso os resultados producidos foron os seguintes:

NOME E APELIDOS	D.N.I.	A-1. EXPERIENCIA: 0.10 POR MES ATA UN MÁX. DE 6 PUNTOS.	A-2. PUNTUACIÓN MÁXIMA: 5 PUNTOS				TOTAL
			Celga III: 0.25 Celga IV: 0.5	<20 h: 0.10	De 20 a 40 h: 0.30	+ 40 h: 0.50	
Blanco Álvarez, Ana Belén	47.354.935-M	0.60		0.30	0.30	0.50	1.70
Fernández Rey, José Manuel	76.351.153-P	-----	0.50	0.10		0.50	1.10
Iglesias de León, Cristian	47.379.771-R	0.10	0.25	-----	-----	1	1.35
López García, Sergio	54.125.543-B	0.30	0.50	-----	0.30	1	2.10
Macías Montáns, Helena	79.342.384-C	0.60	0.50	-----	-----	0.50	1.60
Parceiro Couceiro, Javier	46.845.324-A	0.30	-----	0.10	0.60	1	2
Pazos Couto, Juan	32.444.282-E	-----	0.25	0.10	-----	1	1.35
Rodríguez Tinaquero, Teresa	46.487.414-T	-----	-----	-----	-----	-----	0
Toja Vede, Ángel Francisco	47.439.777-T	0.30	-----	-----	-----	-----	0.30

A continuación, e de acordo co previsto nas bases, o tribunal acorda publicar a relación de aspirantes e as puntuacións finais obtidas.

O Tribunal, á vista do actuado, **ACORDA:**

**Primeiro.** Declarar aprobados aos seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI
López García, Sergio	54.125.543-B
Parceiro Couceiro, Javier	46.845.324-A
Blanco Álvarez, Ana Belén	47.354.935-M
Macías Montáns, Helena	79.342.384-C
Iglesias de León, Cristian	47.379.771-R
Pazos Couto, Juan	32.444.282-E

**Segundo.** Na súa consecuencia, propoñer á alcaldía-presidencia o nomeamento como socorristas aos aspirantes aprobados e nomeados anteriormente, nos termos previstos nas bases da convocatoria.

**Terceiro.** En cumprimento co establecido na Base Undécima das bases xerais, establécese unha lista de reserva coa seguinte orde:

#### LISTA DE RESERVA

NOME E APELIDOS	DNI
Fernández Rey, José Manuel	76.351.153-P
Toja Vede, Ángel Francisco	47.439.777-T
Rodríguez Tinaquero, Teresa	46.487.414-T

**Quinto:** Os/as aspirantes propostos/as deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Bergondo, e dentro do prazo de tres (3) días hábiles, dende que se faga pública a relación de aprobados/as, os documentos indicados na Base 9ª da convocatoria.

Non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematada a mesma, ás trece horas, redactándose a presente acta que suscriben os membros do Tribunal. Dou fe.

O Presidente.

Os vogais.

Secretaria